

RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE SETEMBRO POLA QUE SE CONVOCA A CUARTA EDICIÓN DO DISTINTIVO DE IGUALDADE DESTINADO A ESCOLAS, FACULTADES, CENTROS E INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo conta cunha consolidada traxectoria desenvolvendo políticas de igualdade e reconece, entre os seus fins recollidos nos Estatutos da Universidade de Vigo, contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na cal se respecte a igualdade entre mulleres e homes (artigo 2.6).

No vixente Plan de igualdade figura como obxectivo impulsar o compromiso dos centros universitarios coa igualdade de xénero o que se concreta na medida 1.2.1., «crear un **Distintivo de Igualdade** para promover a igualdade de xénero en todo os centros, facultades, escolas e institutos universitarios de investigación» na Universidade de Vigo.

Con este fin, a Universidade de Vigo publica a convocatoria para outorgar o **CUARTO DISTINTIVO DE IGUALDADE** destinado a facultades, escolas, centros propios e institutos universitarios de investigación que pertencen á Universidade de Vigo, co obxectivo de reconecer a aqueles centros que destaquen na promoción activa e permanente da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Obxectivo

Esta proposta pretende reconecer, impulsar e incentivar a promoción da igualdade entre homes e mulleres nos centros, facultades, escolas universitarias e centros de universitarios de investigación, a través dun proceso de avaliación das actividades, iniciativas e prácticas que realicen os centros co fin de impulsar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, dentro dos seus ámbitos de competencias. A tal fin, outorgarase anualmente un **Distintivo de Igualdade** para reconecer a aqueles centros que destaquen polo seu labor a prol da igualdade de xénero que obteñan unha puntuación igual ou maior de 80 puntos.

O **Distintivo de Igualdade** terá unha vixencia de 6 anos, momento no que, no caso de querer ser renovado, o centro deberá presentarse de novo a esta convocatoria.

O **Distintivo de Igualdade** vai acompañado dunha redistribución de crédito (3 000,00 euros para cada Distintivo) para que a dirección da facultade, escola, centro propio ou instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo o utilice en desenvolver políticas de xénero no centro.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Anunciar, en réxime de concorrencia competitiva, a convocatoria do **DISTINTIVO DE IGUALDADE 2024** que será xestionada de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.

2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DA CONCESIÓN ANUAL DUN DISTINTIVO DE IGUALDADE PARA FACULTADES, ESCOLAS, CENTROS PROPIOS E INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN QUE PERTENZAN Á UNIVERSIDADE DE VIGO

1. OBXECTO

Outorgar o **Distintivo de Igualdade**, a fin de promover a igualdade de xénero en todas as facultades, escolas, centros e institutos universitarios de investigación propios pertencentes á Universidade de Vigo.

O **Distintivo de Igualdade** consistirá nunha insignia para expoñela publicamente na facultade, escola, centro propio e instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo distinguido, e nunha redistribución de crédito destinada a desenvolver políticas de promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes destinada aos centros da Universidade de Vigo que anualmente obteñan o **Distintivo de Igualdade**.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poden solicitar o Distintivo de Igualdade os equipos directivos ou decanais das facultades, escolas, centros e institutos universitarios de investigación propios que pertencen a Universidade de Vigo.

3. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. A obtención do **Distintivo de Igualdade** supón a obtención dun recoñecemento institucional que consiste na redistribución dun crédito de 3 000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0000 421SXEN 226.06

2. O **Distintivo de Igualdade** supón, ademais, que a redistribución de crédito se efectuará á facultade, escola, centro propio e instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo, dentro da funcional 421SXEN e na económica 226.06.

3. No caso no que o centro adxudicatario non presentase a correspondente memoria económica en relación ao uso deste crédito, ou a mesma fose desconforme coas bases desta

convocatoria, fálutase á Xerencia para reter o crédito no importe xustificado non aceptado na partida que se decida.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica , [SXER - Instancia xenérica \(PAS/PDI\) \(uvigo.gal\)](#), por unha/un integrante do equipo decanal da facultade, ou do equipo directivo da escola, centro propio ou instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo. A instancia debe ir dirixida á Unidade de Igualdade indicando no resumo do asunto «**Distintivo de Igualdade**» así como a facultade, escola, centro ou instituto universitario de investigación que o remite. Ademais presentaranse como documentos adxuntos:

- Escrito introdutorio no que se contextualice a escola, facultade, centro ou instituto universitario de investigación que se candidata. O texto debe facer unha introdución á historia e ás características do centro na que figuren: ano de creación; titulacións que se imparten, de ser o caso, ou liñas de investigación que se desenvolven; número aproximado de estudantes, de persoal docente, de persoal investigador e de grupos de investigación e calquera outra particularidade que facilite un mellor coñecemento da solicitude ás persoas avaliadoras alleas á nosa universidade.
- Relación das materias nos plans de estudo das titulacións impartidas que tratan a igualdade entre mulleres e homes, aquelas que inclúen a perspectiva de xénero na docencia ou, de ser o caso, se existen liñas de investigación e de transferencia que incorporen a perspectiva de xénero. Como xustificación poderán achegarse as guías docentes, os materiais de traballo ou calquera outro documento ou enlace electrónico pertinente. Os datos deberán indicar que porcentaxe aproximada supoñen sobre o total.
- Repertorio de persoas expertas e persoas con especial implicación na promoción da igualdade de xénero que forman parte da facultade, escola, centro propio e instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo. Terán a consideración de **expertas** para esta convocatoria, quen teña produción científica nestes ámbitos, participe en grupos de investigación, innovación educativa ou proxectos que introducen a perspectiva de xénero ou tratan sobre feminismos, teña impartido seminarios, cursos ou relatorios especializados ou acredite formación específica de nivel superior; e de **persoas con especial**

implicación quen teñan formación específica de nivel medio, experiencia na organización e xestión de actividades docentes de sensibilización ou na promoción de accións en prol da igualdade entre mulleres e homes nos centros da Universidade de Vigo e calquera outra que se considere axustada aos fins desta convocatoria. Os datos deberán indicar que porcentaxe aproximada supoñen sobre o total do persoal do centro.

- Información sobre as actividades que contribúan á sensibilización en materia de xénero e as actividades docentes que promovan a perspectiva de xénero realizadas no centro, indicando na medida do posible o seu impacto. Os datos deberán indicar que porcentaxe aproximada supoñen sobre o total de actividades que se programan.
- Datos desagregados por sexo da composición dos órganos de goberno electos e de libre designación da facultade, escola, centro ou instituto universitario de investigación. En especial valorarase a non reprodución do chamado «traballo doméstico académico».
- Documentación que amose o uso de linguaxe inclusiva e non sexista na comunicación interna e externa do centro, escola, facultade ou instituto universitario de investigación, especialmente na páxina web do centro.
- Descrición dos programas e políticas de captación de novo alumnado con perspectiva de xénero ou, de ser o caso, de novo persoal investigador, utilizadas no centro e, no posible, dos seus resultados.
- Detalle das medidas promovidas para facilitar a conciliación e promover a corresponsabilidade entre o PDI, o PAS e o alumnado do centro e, se fose posible, dos seus resultados.
- Exposición doutras actividades e accións realizadas polo centro que amosen o grao de implantación do [III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes da Universidade de Vigo](#) e das políticas de igualdade da Universidade de Vigo.
- Listaxe doutras actividades ou accións innovadoras desenvolvidas para a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, especialmente aquelas realizadas en coordinación co alumnado ou co novo persoal investigador do centro.

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro de anuncios, <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin->

[index.xhtml](#) ata o 11 de decembro de 2023. A presentación fóra de prazo supoñerá a non admisión a trámite da solicitude.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

O feito de non achegar a documentación requirida no prazo indicado será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Unidade de Igualdade, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de rexeitamento.

As persoas interesadas disporán de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da Universidade de Vigo dirixido á Unidade de Igualdade.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Se os plans de estudo das titulacións impartidas recollen materias que tratan a igualdade entre mulleres e homes ou se inclúen a perspectiva de xénero na docencia; ou, de ser o caso, se existen liñas de investigación e transferencia que incorporen a perspectiva de xénero ou xeran coñecementos científicos con perspectiva de xénero na facultade, escola, centro propio ou instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo. 20 %
- Número de persoal experto e de persoas implicadas na promoción da igualdade de xénero, segundo os criterios desta convocatoria, coas que conta o centro. 20 %
- Número de actividades de promoción e sensibilización en igualdade, que se realizaron na facultade, escola, centro propio ou instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo nos últimos 6 anos naturais e o seu impacto. 15 %

- Grao de presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de goberno electos e de libre designación do centro. Terá unha especial valoración a non reprodución do chamado «traballo doméstico académico». 5 %
- Uso de linguaxe inclusiva e non sexista nos documentos e na comunicación interna e externa do centro, especialmente na web do centro. 5 %
- Políticas de captación de novo alumnado con perspectiva de xénero ou, de ser o caso, de novo persoal investigador e os resultados obtidos. 5 %
- Medidas promovidas para facilitar a conciliación e promover a corresponsabilidade entre o PDI, o PAS e o alumnado e os seus efectos. 10 %
- Número e natureza doutras actividades e accións desenvolvidas polo centro que amosen o grao de implantación do III Plan de Igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo e das políticas de igualdade da UVigo. 10 %
- Número de actividades e accións levadas a cabo para promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, que se consideren de utilidade para a valoración desta convocatoria, especialmente aquelas realizadas en coordinación co alumnado ou co novo persoal investigador do centro. 10 %

Valorarase positivamente a sistematización dos datos e da información presentada na solicitude. Tamén se prestará atención á relación aproximada dos datos avaliados respecto aos números totais do centro.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidencia: reitor ou persoa en quen delegue. Manuel Joaquín Reigosa Roger ou persoa na que delegue

Secretaría: directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ou persoa en quen delegue. Águeda Gómez Suárez ou persoa en quen delegue.

4 Vogais: recoñecidas/os profesionais expertas/os en políticas públicas de igualdade no ámbito universitario, representando os ámbitos científicos (ciencias e ciencias da saúde), humanístico, tecnolóxico e xurídico-social.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Unidade de Igualdade publicará no Taboleiro Electrónico <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml> a listaxe provisoria das puntuacións obtidas polos centros da Universidade de Vigo que optaron á consecución do **Distintivo de Igualdade**, a concesión provisional do mesmo e, no caso de algún rexeitado, a mención da causa de desestimación.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación, presentando o **formulario de alegacións**, [SXER-Alegacións](#), na secretaría virtual dirixido á Unidade de Igualdade.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Unidade de Igualdade enviará ao reitor a proposta, quen adxudicará o **Distintivo de Igualdade** mediante a correspondente resolución.

As interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do fin do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de facultades, escolas, centros propios e institutos universitarios de investigación da Universidade de Vigo recoñecidos co **Distintivo de Igualdade** coa correspondente puntuación, a listaxe de solicitudes denegadas e a causa de rexeitamento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>, producindo os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito, [SXER-Desistimento/Renuncia](#), dirixido á Unidade de Igualdade, presentado en sede electrónica, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución do Distintivo de Igualdade. As renuncias aceptadas darán lugar ao retiro do Distintivo de Igualdade e do correspondente crédito á facultade, escola, centro propio ou instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo que renuncie ao mesmo.

8. OBRIGAS

A persoa representante da facultade, escola, centro propio ou instituto universitario de investigación que pertencen a Universidade de Vigo beneficiaria deberá:

- comprometerse a utilizar a redistribución de crédito (3 000,00 euros) que acompaña ao Distintivo de Igualdade acadado, na realización de actividades de promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes na facultade, escola, centro propio ou instituto universitario de investigación da Universidade de Vigo, desde a data de concesión que outorga o Distintivo de Igualdade ata o 15 de novembro do 2024

- a entrega dunha memoria de actividades e memoria económica dirixida á Unidade de Igualdade xustificando as actividades realizadas derivadas da obtención do Distintivo de Igualdade no prazo de un ano a contar desde a publicación da resolución do Distintivo de Igualdade.

Ademais debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

9. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación dos centros beneficiarios e o importe da Distintivo de Igualdade concedido, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos centros beneficiarios e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente, xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou «RXPD») e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de optar ao Distintivo de Igualdade e amparados pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo.

Coa participación dos centros nesta Convocatoria para optar ao Distintivo de Igualdade, representantes dos mesmos autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria para optar ao Distintivo de Igualdade. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a

dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813 419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas implicadas teñen dereito a solicitar a/ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderán exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico SXER - Exercicio dereitos sobre protección de datos) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vigo, a data da sinatura electrónica

O reitor